

fixo do Servizo Galego de Saúde na categoría de facultativo especialista da área de cirurxía xeral e aparello dixestivo de Eusebio López-Mosquera Bayón.

Segundo.-Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde a María Rocío Guillán Millán e adxudicarlle, con carácter de destino definitivo, o Complexo Hospitalario Xeral Calde de Lugo.

Terceiro.-O prazo para facer efectiva a incorporación será de tres días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Non obstante o anterior, os efectos administrativos desta toma de posesión serán os do primeiro día do prazo establecido na Resolución do 31 de maio de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que finaliza o proceso extraordinario de consolidación de emprego de determinadas categorías do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo do organismo e se lles adxudica aos participantes o destino definitivo correspondente (DOG nº 110, do 9 de xuño).

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Directora xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 20 de xuño de 2007, da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios deste organismo.

Coa finalidade de garantir o dereito á mobilidade voluntaria do persoal estatutario reconecido no Estatuto marco, o artigo 27 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé a convocatoria periódica, preferentemente cada dous anos, dun concurso de traslados.

Convocados, mediante as resolucións da secretaría xeral do 19 e 22 de decembro de 2006, os procesos selectivos de diversas categorías de licenciados sanitarios do organismo correspondentes á oferta de emprego público do ano 2006, procede convocar o correspondente concurso de traslados que posibilite ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde así como ao doutros servizos de saúde, o exercicio do dereito á mobilidade, e permita unha resolución simultánea, en canto aos prazos de toma de posesión, de ambos os dous procedementos de provisión de prazas.

Polo tanto, este centro directivo, logo da negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Artigo 1º

Publicar a convocatoria do concurso de traslados para a provisión das prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde das categorías e, de ser o caso, especialidades relacionadas no anexo III desta resolución, así como aprobar as bases e baremo de méritos que rexerán a convocatoria, contidos respectivamente nos anexos I e II desta.

Artigo 2º

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración e os que participen nela.

2. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Potestativamente, no prazo dun mes poderá interpoñerse recurso de reposición ante este centro directivo.

3. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Os recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra esta convocatoria ou calquera acto integrante do concurso de traslados serán anunciados no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos de empra-zamento aos posibles interesados.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Director Xeral da División de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesional

ANEXO I**Bases**

Primeira.-Normas xerais.

1.1. Convócanse, para a súa provisión, as prazas básicas vacantes de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde das categorías e especialidades que, para cada centro, se especifican no anexo III desta resolución.

1.2. O concurso rexerese polas presentes bases así como polo establecido no artigo 37 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e os artigos 27 e seguintes do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado.

Segunda.-Persoal que poderá participar voluntariamente no concurso de traslados.

Poderá participar voluntariamente no concurso de traslados o seguinte persoal estatutario fixo:

2.1. O persoal estatutario fixo da mesma ou homologada categoría e, de ser o caso, especialidade, que se atope desempeñando ou teña praza reservada nas institucións sanitarias dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde, sempre que teñan tomado posesión da praza estatutaria cun ano de antelación, como mínimo, ao remate do prazo de presentación de solicitudes para participar neste concurso.

2.2. O persoal estatutario fixo dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde en situación distinta á de activo e que non teña reserva de praza da mesma ou homologada categoría, e de sé lo caso, especialidade, sempre que reúna os requisitos legais e regulamentarios para incorporarse ao servizo activo o último día do prazo de presentación de solicitudes para participar neste concurso.

2.3. De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, para a provisión de prazas das unidades e servizos de atención primaria tamén poderán participar os funcionarios de carreira da clase de médicos titulares e os médicos dos servizos normais e especiais de urxencias, en igualdade de requisitos e condicións que o resto do colectivo.

Terceira.-Persoal que deberá participar obrigatoriamente no concurso de traslados.

Deberá participar obrigatoriamente no concurso de traslados o persoal estatutario fixo que se atope en situación de reingreso provisional ao servizo activo no Servizo Galego de Saúde, debendo solicitar necesariamente, por orde de preferencia, todas as prazas da súa categoría e, de ser o caso, especialidade, convocadas na área de saúde a que pertenza a praza que desempeña con carácter provisional. O reingresado provisional que non obteña praza definitiva neste concurso, tendo solicitadas todas as da súa categoría e, de ser o caso, especialidade, convocadas na área de saúde de pertenza, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten

vacantes como consecuencia da resolución deste concurso ou pasar á situación de excedencia voluntaria. O reingresado provisional que non participe neste concurso ou non obteña praza e non solicitase todas as da súa categoría e, de ser o caso, especialidade, convocadas na área de saúde de pertenza será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Cuarta.-Orde de prelación para a adxudicación de prazas.

4.1. As prazas serán adxudicadas aos concursantes de acordo co baremo de méritos que se publica como anexo II desta resolución.

4.2. Serán valorados unicamente os méritos acreditados ata o día inmediato anterior, inclusive, ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

4.3. En caso de empate na puntuación final, resolverase a prol do concursante que acredite máis tempo traballado como persoal estatutario fixo. De persistir o empate resolverase a prol da mellor puntuación de cada unha do resto das epígrafes do baremo e pola súa orde. Por último, decidirá a maior idade.

Quinta.-Solicitudes.

5.1. Cada concursante deberá cubrir unha única solicitude, seguindo as instrucións que se establecen no anexo V e utilizando o modelo de solicitude que figura na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), debendo imprimirse un modelo orixinal obtido directamente da impresora.

A solicitude cubrirase respectando estritamente a codificación que identifica a cada centro ou complexo hospitalario e a cada localidade e réxime de xornada nas diferentes xerencias de atención primaria.

Serán desestimadas, sen mais trámite, as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscada, tanto na solicitude como nalgunha das follas de petición de prazas ou no certificado ou en calquera dos documentos anexos á solicitude a que se fai referencia na base sexta, sempre que non se encontren salvados baixo sinatura.

5.2. Os participantes poderán solicitar, por orde de preferencia, todas as prazas que consideren convenientes, tanto das ofertadas no anexo III desta resolución, como daquelas non ofertadas indicadas no anexo IV.

5.3. A solicitude de praza nun centro ou complexo hospitalario supón a petición da totalidade das prazas convocadas no anexo III, así como as que queden vacantes no devandito centro como consecuencia da resolución do concurso e, polo tanto, sexan susceptibles de seren adxudicadas en resultas.

5.4. A solicitude de praza nun centro de atención primaria supón a petición da totalidade das prazas do mesmo réxime de xornada convocadas nel, así como as que queden vacantes do mesmo réxime de xornada no devandito centro como consecuencia da resolución

do concurso e, polo tanto, sexan susceptibles de seren adxudicadas en resultas.

5.5. As solicitudes, que deberán dirixirse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde (San Lázaro, s/n, 15703-Santiago de Compostela), poderán ser presentadas nos centros que se relacionan a continuación ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, advertíndose que na folla ou follas, de ser o caso, da solicitude de admisión a este concurso debe figurar o selo do rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para os interesados:

- a) Na Consellería de Sanidade.
- b) Nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade.
- c) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- d) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

5.6. De conformidade co establecido no artigo 29.1º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado, o prazo de presentación da solicitude, á cal deberá unirse necesariamente toda a documentación que se achegue, será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

5.7. Durante o prazo de presentación de solicitudes, os participantes poderán retirar ou modificar as súas solicitudes mediante a presentación dunha nova, que anulará totalmente a anterior. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá nin a modificación ou retirada da solicitude nin a presentación de novos documentos.

Sexta.-Documentación.

1. Todos os participantes, con carácter xeral, deberán presentar a seguinte documentación:

- I) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.
- II) Copia compulsada do seu nomeamento en propiedade na categoría e, de ser o caso, especialidade.
- III) Certificación orixinal expedida polo servizo de persoal do centro en que actualmente presta os seus servizos, conforme o modelo que se xunta como anexo VI a esta resolución.
- IV) Copia compulsada, de ser o caso, dos diplomas acreditativos de ter superados os cursos de coñecemento da lingua galega.
- V) Documentación orixinal ou fotocopias compulsadas dos méritos alegados.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xuramentado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xuramentado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Por último, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario ou índice deste, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

2. O persoal con nomeamento estatutario fixo na categoría e, de ser o caso, especialidade, deberá xuntar ademais copia compulsada do seu último nomeamento en propiedade (no suposto de non corresponder co seu nomeamento inicial na categoría).

3. O persoal en situación de excedencia presentará ademais copia compulsada da resolución en que se lle concedeu.

4. O persoal en reingreso provisional, presentará ademais copia compulsada da resolución pola cal se lle autorizou o reingreso.

Sétima.-Resolución do concurso.

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e á vista das prazas solicitadas polos concursantes, así como dos méritos alegados e acreditados, procederase á súa baremación.

7.2. Rematada a dita baremación, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, aprobará a resolución provisional do concurso, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

7.3. De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado, os concursantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para formular reclamacións contra a resolución provisional. As citadas reclamacións serán rexeitadas ou admitidas na resolución definitiva que será aprobada pola autoridade convocante e publicarase na mesma forma en que o foi a convocatoria do concurso. Esta publicación servirá de notificación aos interesados e, a partir dela, empezarán a contarse os prazos establecidos para que os organismos afectados efectúen as actuacións administrativas procedentes.

7.4. Conforme o establecido no artigo 29.4º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, as prazas adxudicadas definitivamente serán irrenunciáveis agás que a dita renuncia estea motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración pública ou servizo de saúde.

Oitava.-Efectos derivados do concurso.

8.1. Os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, se é o caso, desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

8.2. A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde; no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscripción ou destino provisional ou comisión de servizos. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza no concurso que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro de destino ou localidade, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

8.3. No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso.

8.4. O prazo de cesamento iniciárase cando finalice o permiso ou licenza que, se é o caso, fose concedido ao interesado, agás que por causas xustificadas se acorde suspender o seu desfrute.

8.5. Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición do interesado, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado polo órgano convocante.

8.6. Cando un concursante non tome posesión da súa nova praza dentro do prazo ou, se é o caso, da prórroga que pola súa petición motivada se lle concedese, entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado en tal situación polo órgano convocante do concurso.

Non obstante o anterior, se existisen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo da audiencia do interesado, pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, poderase deixar sen efecto a devandita situación. Neste caso o interesado deberá incorporarse ao seu novo destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

8.7. Agás cando a resolución do concurso implique o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de pose-

sión e, se é o caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na vixente orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

8.8. Esta convocatoria resolverase de modo simultáneo, en canto á toma de posesión dos novos destinos, respecto do proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 e 22 de decembro de 2006.

Novena.-Normas derradeiras.

9.1. A comisión ou, se é o caso, comisións encargadas da baremación de méritos neste concurso de traslados, serán nomeadas co ámbito que acorde a autoridade convocante. En tal comisión participarán dous representantes designados polas organizacións sindicais presentes na Mesa de Negociación.

Estas comisións terán a condición de primeira categoría para os efectos do disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (DOG nº 122, do 25 de xuño).

9.2. De conformidade co establecido no artigo 16.2º do Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo III do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, das taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, serán gratuítas todas as compulsas e certificacións que sexan expedidas polos distintos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde ao persoal estatutario fixo que participe no concurso.

9.3. Os traslados derivados deste concurso teñen carácter voluntario, non xerando dereito a indemnización ningunha.

9.4. O persoal que a través deste concurso obteña destino definitivo nun centro de atención primaria do Servizo Galego de Saúde quedará suxeito á ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia que resulte do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, e normativa que o desenvolve.

ANEXO II

BAREMO DE MÉRITOS (210 PUNTOS)

1. Experiencia profesional: (ata un máximo de 170 puntos).

1.-Servizos prestados como persoal estatutario fixo:

1.1-Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo na categoría en que concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,50 puntos/mes.

1.2-Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo noutra categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,20 puntos/mes.

2.-Servizos prestados como persoal estatutario temporal: (ata un máximo de 34 puntos).

2.1-Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal na categoría en que se concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,20 puntos/mes.

2.2- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal noutra categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,10 puntos/mes.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada epígrafe do baremo o número total de días e dividirse entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada epígrafe será o cociente enteiro, depreciándose os decimais.

2. Coñecemento da lingua galega: (ata un máximo de 10 puntos).

-Pola acreditación da superación do curso de iniciación da lingua galega: 5 puntos.

-Pola acreditación da superación do curso de perfeccionamento da lingua galega: 10 puntos.

A valoración do curso de perfeccionamento exclúe a valoración do de iniciación.

3. Formación: (ata un máximo de 20 puntos).

3.1. Especializada:

a) Por ter completado o período como residente do programa MIR (en España ou país da Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de docencia para posgraduados na especialidade a que se presente e co título validado polo Ministerio de Educación e Ciencia: 7 puntos.

b) Por ter obtido o título da especialidade como consecuencia de acceder, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, a unha praza de especialista en formación, convocada por algunha das administracións públicas ou institucións sanitarias concertadas con estas e que acrediten ter realizado de xeito ininterrompido e baixo un mesmo réxime docente, os anos de formación establecidos para a correspondente especialidade, mediante nomeamento ou contrato de bolsa docente expedido pola devandita administración que implique relación

profesional retribuída periodicamente con cargo aos seus orzamentos: 7 puntos.

As puntuacións das alíneas a) e b) son excluíntes entre si.

3.2. Continua:

-Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e, de ser o caso, especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría ou especialidade a que se opta.

-Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avaliados polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e, de ser o caso, especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría ou especialidade a que se opta.

-Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e, de ser o caso, especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría ou especialidade a que se opta.

-Por crédito: 0,25 puntos.

-Por hora: 0,025 puntos.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título exixido para o acceso á especialidade a que se opta.

Os cursos de prevención de riscos e de informática valoraranse en todas as categorías ou especialidades. Igualmente serán valorados os cursos de xestión clínica.

3.3. Posgrao:

-Exame de grao ou tesina: 1 punto.

-Premio extraordinario: 2 puntos.

-Pola realización dos cursos monográficos de doutoramento ou dos cursos do terceiro ciclo: 5 puntos.

-Por acreditar a suficiencia investigadora: 8 puntos.

-Grao de doutor: 15 puntos.

A valoración da suficiencia investigadora excluírá a valoración dos cursos de doutoramento ou do terceiro ciclo. A valoración do grao de doutor excluírá a valoración dos cursos de doutoramento ou do terceiro ciclo e da suficiencia investigadora.

4. Outras actividades: (ata un máximo de 10 puntos).

Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría e, de ser o caso, especialidade de que se trate, apreciados libremente pola comisión de baremación, conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

-Publicación revista: 0,50 puntos.

-Capítulo de libro: 1 punto.

-Libro completo: 3 puntos. se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

ANEXO III

PRAZAS OFERTADAS POR CATEGORIAS E ESPECIALIDADES

CODIGO	ESPECIALIDADE	1501	1505	1571	2701	2706	2707	3201	3204	3601	3603
30	ALERGOLOXIA	2		1	1			1			1
31	ANALISES CLINICAS	2	1	2	1		1	1		1	
32	ANATOMIA PATOLOXICA		1	1	4	1	1	2		2	1
33	ANESTESIOLOXIA E REANIMACION	11	4	8	8	2	2	6	2	10	12
34	ANXIOLOXIA E CIRURXIA VASCULAR	1		2	2			2		3	4
35	APARELLO DIXESTIVO	1	1	1	2	1				4	2
36	CARDIOLOXIA	1	2	3	3	1	1	2	1	3	2
37	CIRURXIA CARDIOVASCULAR			2							
38	CIR. ORAL E MAXILOFACIAL	2									
39	CIR. PEDIATRICA							1		2	
40	CIR. PLASTICA, ESTETICA E REPARADORA	1			1					2	
41	CIR. XERAL E APARELLO DIXESTIVO	5	2	2	1	1	1	3	1	1	
42	DERMATOLOXIA MED.-CIRUR. E VENEREO.	1	1	1							
43	ENDOCRINOLOXIA E NUTRICION	1	1	1	1		1	1		3	1
45	FARMACIA HOSPITALARIA	4	3	2	3		1	5	1	5	3
46	HEMATOLOXIA E HEMOTERAPIA	2	1		1			1		1	1
47	INMUNOLOXIA	1									
48	MEDICINA DO TRABALLO		1	1	1		1			1	1
49	MEDICINA FISICA E REHABILITACION	1		1			1	2	2	2	
50	MEDICINA INTENSIVA	2		1	2			2		2	3
51	MEDICINA INTERNA	8	4	2	3	1		5	1	7	
52	MEDICINA NUCLEAR			1							
53	MEDICINA PREVENTIVA E SAUDE PUB.	2					1				1
55	MEDICO URX. HOSPITALARIAS	1	7	4	7	1	1	4	4	9	5
56	MICROBIOLOXIA E PARASITOLOXIA			1	1				1		2
57	NEFROLOXIA	1			1	2		2			
58	PNEUMOLOXIA	2	1	1	1	1	1			1	1
59	NEUROCIURURXIA	2		2	2			4			
60	NEUROFISIOLOXIA CLINICA	1								1	
61	NEUROLOXIA	1		2	1		1	1		1	2
62	OBSTETRICIA E XINECOLOXIA	8	3	5	6	2		5	2	11	4
63	OFTALMOLOXIA	4	2	3	3	2	1	2	1	2	1
64	ONCOLOXIA MEDICA	2	2	4	1			2			2
65	ONCOLOXIA RADIOTERAPICA			4							
66	OTORRINOLARINGOLOXIA	1	1	1		1	1	2		3	
68	PEDIATRIA E AS SUAS AREAS ESPECIF.	2	2	1	2	1	1	3	2	3	2
69	PSICOLOXIA CLINICA	4	1	2	1	1	1	1		4	
70	PSIQUIATRIA	2	4	3	4		1	3	1	6	3
71	RADIOLOGIA DIAGNOSTICO	2	5	4	2	1		4	1	2	1
72	RADIOFISICA HOSPITALARIA			3				1			
73	REUMATOLOXIA	2	1							1	
74	TRAUMATOLOXIA E CIR. ORTOPEDICA	3	2	2	2	3	1	2		4	4
75	UROLOXIA		2	2	2	1		1	1	1	
76	XERIATRIA				1					1	

X.A.P. CORUÑA
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449099	M	BETANZOS	1
449119	M	CARBALLO	1
449125	M	CEE	1
449147	M	CULLEREDO	1
449699	M	OLEIROS	1
449145	M	O VENTORRILLO	1
449255	M	VIMIANZO	1

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
549690	M	A LARACHA-CAION	1
549477	M	ARTEIXO	1
547477	D	ARTEIXO	2
549691	M	ARTEIXO-MEICENDE	1
549099	M	BETANZOS	3
548099	T	BETANZOS	1
549692	M	CABANA-NANTON	1
549695	M	CAMARIÑAS-PONTE DO PORTO	1
548116	T	CAMBRE	1
547116	D	CAMBRE	1
548117	T	CAMBRE-O TEMPLE	1
547119	D	CARBALLO	2
548146	T	CASA MAR	1
548480	T	O CASTRILLON	1
549125	M	CEE	2
549147	M	CULLEREDO	1
549150	M	CURTIS	1
549139	M	F. TAPIA	1
549160	M	FISTERRA	1
549168	M	MALPICA	1
549697	M	MALPICA-BUÑO	1
549140	M	MATOGRADE	2
549176	M	MIÑO	1
549091	M	MUNIFERRAL	1
549180	M	MUXIA	1
549700	M	OLEIROS-A RABADEIRA	1
547196	D	OLEIROS-PERILLO	1
548191	T	OLEIROS-STA.CRUZ	1
548137	T	OS MALLOS	1
549702	M	PADERNE	1
549138	M	S. XOSE A	1
548138	T	S. XOSE A	1
549228	M	SADA	1
548228	T	SADA	1
549145	M	O VENTORRILLO	2
548145	T	O VENTORRILLO	1
549255	M	VIMIANZO	2
549704	M	ZAS-BAIO	1

AREA SANITARIA FERROL
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449740	M	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ/PONTEDEUME	1
449155	M	FENE	1
449741	M	NARON/SERANTES	2
449742	M	ORTIGUEIRA/CEDEIRA/SAN SADURNIÑO	1

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
549124	M	CEDEIRA	2
548155	T	FENE	2
549158	M	FONTENLA MARISTANY	2
548158	T	FONTENLA MARISTANY	1
549738	M	MOCHE	1
548183	T	NARON	1
549183	M	NARON	2
549186	M	NEDA	1
549215	M	PONTEDEUME	2
548215	T	PONTEDEUME	1

X.A.P. LUGO
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449041	M	A MILAGROSA	1
449087	M	BURELA	1
449023	M	CHANTADA	1
449040	M	FINGOI	1
449048	M	MONFORTE DE LEMOS	1
449068	M	RIBADEO	1
449075	M	SARRIA	1
449084	M	VILALBA	1

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
549041	M	A MILAGROSA	1
549749	M	BALEIRA	1
549006	M	BECERREA	1
549087	M	BURELA	1
549751	M	CARBALLEDO (A BARRELA)	1

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
549752	M	CASTROVERDE	3
549017	M	CERVANTES	1
549018	M	CERVO	1
549023	M	CHANTADA	1
548040	T	FINGOI	1
548563	T	FOZ	1
549039	M	ILLAS CANARIAS	2
549037	M	LOURENZA	1
549755	M	MEIRA	1
549048	M	MONFORTE DE LEMOS	2
549051	M	NAVIA DE SUARNA	1
549058	M	PARADELA	1
549062	M	PEDRAFITA DO CEBREIRO	1
549038	M	PRAZA FERROL	2
549067	M	QUIROGA	1
549068	M	RIBADEO	2
549043	M	SAN ROQUE	1
549042	M	SDO. CORAZON	1
549025	M	SEOANE DO COUREL	1
549078	M	SOBER	1
549082	M	O VALADOURO	1
549083	M	O VICEDO	1
548085	T	VIVEIRO	1

X.A.P. PONTEVEDRA
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449769	M	CAMBADOS-VILANOVA-MEIS-RIBADUMIA, A ILLA DE AROUSA	1
449777	M	SANXENXO- O GROVE- MEAÑO	1
447326	D	VIRXE PEREGRINA	1
447779	D	VIRXE PEREGRINA-MARIN-BUEU-POIO	1

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
549326	M	VIRXE PEREGRINA	2
548326	T	VIRXE PEREGRINA	2
547295	D	A ESTRADA	1
549276	M	BUEU	2
547347	D	C.S. SANXENXO-BALTAR	2
547277	D	CALDAS DE REIS	3
548278	T	CAMBADOS	2
549308	M	CASA DO MAR DE MARIN-SEIXO	1
549771	M	CERDEDO	1
549379	M	LEREZ	1
549773	M	MONTEPORREIRO	1
549774	M	MORANÁ	1
548720	T	POIO-ANAFANS-COMBARRO-RAXO	1
549335	M	PONTE CALDELAS	1
549349	M	SILLEDA - BANDEIRA	1
549561	M	VILABOA	2
549374	M	VILAGARCIA DE AROUSA	1
548374	T	VILAGARCIA DE AROUSA	2
547374	D	VILAGARCIA DE AROUSA	1
547778	D	VILANOVA DE AROUSA-BAION	2

X.A.P. SANTIAGO DE COMPOSTELA
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449596	M	ARZUA-MELIDE-C.ARENAL	2
449597	M	BOIRO-RIBEIRA	3
449598	M	AS FONTIÑAS-PADRON	3

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
548588	T	AMES-BERTAMIRANS	1
547588	D	AMES-BERTAMIRANS	1
549095	M	ARZUA	1
548231	T	CONCEPCION ARENAL	1
547231	D	CONCEPCION ARENAL	3
549592	M	DODRO	1
548233	T	AS FONTIÑAS	1
547233	D	AS FONTIÑAS	1
549602	M	FRADES	1
549167	M	LOUSAME	1
549172	M	MAZARICOS	1
549187	M	NEGREIRA	1
549198	M	ORDES	1
549199	M	OROSO	1
548219	T	PORTO DO SON	1
549220	M	RIANXO	1
549225	M	RIBEIRA	2
549230	M	SANTA COMBA	1
549594	M	TEO	1
549251	M	VEDRA	1

X.A.P. VIGO
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449667	M	A CAÑIZA-CRECENTE-ARBO-COVELO	1
449668	M	A GUARDA-O ROSAL-OIA	1
449674	M	CANGAS-MOAÑA	1
449669	M	PONTEAREAS-SALVATERRA, MONDARIZ-AS NEVES	1

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
449670	M	O PORRIÑO-SALCEDA-MOS	1
449671	M	REDONDELA-FORNELOS-PAZOS	1
449369	M	TEIS	1
449672	M	TUI-TOMIÑO	1
449673	M	VAL MIÑOR	1

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO	QUENDA	CENTRO	PAZAS
548304	T	A GUARDA	1
549677	M	ARBO	1
549351	M	ARCADE-ROMARIZ	2
549681	M	AS NEVES	2
549275	M	BAIONA	1
548364	T	BEIRAMAR	1
549373	M	BEMBRIVE	1
548281	T	CANGAS	1
548358	T	CASCO VELLO	1
549337	M	CHAPELA	1
549512	M	COIA	3
548512	T	COIA	2
549664	M	COVELO-MACEIRA	1
549361	M	CUBA	1
548361	T	CUBA	3
549362	M	DOBLADA	3
548362	T	DOBLADA	3
549683	M	FORNELOS	1
548363	T	LOPEZ MORA	1
549363	M	LOPEZ MORA	3
549367	M	MATAMA	2
548316	T	MOAÑA	1
549316	M	MOAÑA-DOMAIO	1
549684	M	MONDARIZ BALNEARIO	1
549320	M	MOS	2
547584	D	NICOLAS PEÑA	3
549687	M	OIA	3
549688	M	PAZOS	1
549329	M	O PORRIÑO	1
548329	T	O PORRIÑO	3
549339	M	REDONDELA	1
547585	D	ROSALIA DE CASTRO	5
549344	M	SALCEDA	2
548369	T	TEIS	2
547354	D	TOMIÑO-GOIAN	1
549356	M	TUI	1

ANEXO IV

CENTROS NOS QUE PODEN EXISTIR PAZAS A RESULTAS

CÓDIGO	CENTRO
1501	C. H. UNIVERSITARIO JUAN CANALEJO
1505	AREA SANITARIA DE FERROL-A. ESPECIALIZADA
1571	C. H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
2701	C. H. XERAL-CALDE
2706	H. C. DA COSTA-BURELA
2707	H. C. DE MONFORTE
3201	C. H. DE OURENSE
3204	H. C. DE VALDEORRAS
3601	C. H. UNIVERSITARIO DE VIGO
3603	C. H. DE PONTEVEDRA

X.A.P. CORUÑA

FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449477	M	ARTEIXO
449146	M	CASA DO MAR
449228	M	SADA
449138	M	SAN XOSE

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549708	M	A CASTELLANA
549714	M	A SILVA
549088	M	ABEGONDO
549482	M	ABENTE E LAGO
548482	T	ABENTE E LAGO
549705	M	ACEA DE AMA
548705	T	ACEA DE AMA
549142	M	ADORMIDERAS
549301	M	AGOLADA
549477	M	ARTEIXO
548477	T	ARTEIXO
549097	M	BERGONDO
549099	M	BETANZOS
548099	T	BETANZOS
549113	M	CAMARIÑAS
549116	M	CAMBRE
548116	T	CAMBRE
549711	M	CAMELLE
549119	M	CARBALLO
547119	D	CARBALLO
549123	M	CARRAL
549146	M	CASA DO MAR
548146	T	CASA DO MAR
549480	M	O CASTRILLON
548480	T	O CASTRILLON
549125	M	CEE

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549126	M	CERCEDA
549710	M	CESULLAS
549129	M	CESURAS
549715	M	COIROS
549134	M	CORCUBION
549136	M	CORISTANCO
549731	M	CORME
549153	M	DUMBRIA
549144	M	ELVIÑA MESOIRO
548144	T	ELVIÑA MESOIRO
547144	D	ELVIÑA MESOIRO
549139	M	FEDERICO TAPIA
548139	T	FEDERICO TAPIA
549160	M	FISTERRA
549717	M	IRIXOA
549143	M	LABAÑOU
548143	T	LABAÑOU
549166	M	LARACHA
549164	M	LAXE
549137	M	OS MALLOS
548137	T	OS MALLOS
549168	M	MALPICA
549140	M	MATOGRADE
548140	T	MATOGRADE
549709	M	MEICENDE
549718	M	MEIRA
549176	M	MIÑO
549180	M	MUXIA
549713	M	O TEMPLE
548713	T	O TEMPLE
549191	M	OLEIROS-SANTA CRUZ
548191	T	OLEIROS-SANTA CRUZ
549701	M	OZA DOS RIOS
549431	M	PADERNE
549719	M	PERILLO
548719	T	PERILLO
549266	M	PONTECESO
549587	M	OS ROSALES
548587	T	OS ROSALES
549735	M	S. XOSE A
548735	T	S. XOSE A
549736	M	S. XOSE B
549228	M	SADA
548228	T	SADA
549138	M	SAN XOSE
549703	M	SOBRADO
549716	M	TARRIO
549706	M	TEIXEIRO
549707	M	TORRE MONTEALTO
548707	T	TORRE MONTEALTO
547707	D	TORRE MONTEALTO
549145	M	O VENTORRILLO
548145	T	O VENTORRILLO
549732	M	VILARMAIOR
549252	M	VILASANTAR
549255	M	VIMIANZO
549257	M	ZAS

AREA SANITARIA FERROL

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549118	M	A CAPELA
549093	M	ARES
549216	M	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ
548216	T	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ
549112	M	CABANAS
549157	M	CARANZA
548157	T	CARANZA
549258	M	CARIÑO
549737	M	CERDIDO
549155	M	FENE
548158	T	FONTENLA MARISTANY
549171	M	MAÑON
549739	M	MONFERO
549179	M	MUGARDOS
549202	M	ORTIGUEIRA
549747	M	SAN SADURNIÑO
549159	M	SERANTES
549748	M	AS SOMOZAS
549249	M	VALDOVIÑO

X.A.P. LUGO

FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449039	M	ILLAS CANARIAS
449761	M	SDO. CORAZON-S.ROQUE
449085	M	VIVEIRO

X.A.P. OURENSE

FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449397	M	O CARBALLIÑO
449433	M	NOVOA SANTOS-CARBALLEIRA

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
548434	T	A PONTE
549427	M	A CARBALLEIRA
548427	T	A CARBALLEIRA
549412	M	A GUDIÑA
549425	M	A MERCA
549426	M	A MEZQUITA
549633	M	A PEROXA
549454	M	A RUA
549462	M	A TEIXEIRA
549381	M	ALLARIZ
549383	M	A ARNOIA
549622	M	AVION
549634	M	BANDE
549635	M	BARBADAS
549636	M	BEADE
549393	M	BOBORAS
549637	M	A BOLA
549638	M	CALVOS DE RANDIN
549396	M	CARBALLEDA DE AVIA
549398	M	CARTELLE
549400	M	CASTRELO DE MIÑO
549636	M	CASTRELO DO VAL
549640	M	CASTRO CALDELAS

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549402	M	CELANOVA
549403	M	CENLLE
549407	M	CHANDREXA DE QUEIXA
549404	M	COLES
549641	M	CORTEGADA
549406	M	CUALEDRÓ
549642	M	ENTRIMO
549409	M	ESGOS
549643	M	GOMENSENDE
549416	M	LAROUÇO
549417	M	LAZA
549418	M	LEIRO
549644	M	LOBEIRA
549421	M	MACEDA
549621	M	MARIÑAMANSA
548621	T	MARIÑAMANSA
549645	M	MASIDE
549424	M	MELÓN
549646	M	MONTEDERAMO
549647	M	MONTERREI
549430	M	MUÍÑOS
549648	M	NOGUEIRA DE RAMUÍN
549397	M	O CARBALLIÑO
548397	T	O CARBALLIÑO
549649	M	O IRIXO
549432	M	OIMBRA
549650	M	OS BLANCOS
549440	M	OS PEARES
549431	M	PADERNE DE ALLARIZ
549437	M	PADRENDA
549439	M	PARADA DE SIL
549630	M	O PEREIRO DE AGUIAR
549651	M	PETÍN
549443	M	PIÑOR
549445	M	A POBRA DE TRIVES
549446	M	PONTEDEVA
549652	M	PORQUEIRA
549653	M	PUNXIN
549654	M	QUINTELA DE LEIRADO
549449	M	RAIRIZ DE VEIGA
549444	M	RAMIRAS
549451	M	RIBADAVIA
549453	M	RIOS
549455	M	RUBIA
549655	M	SAN AMARO
549656	M	SAN CIBRAO DAS VIÑAS
549458	M	SAN CRISTOVO DE CEA
549452	M	SAN XOAN DE RIO
549657	M	SANDIAS
549460	M	SARREAUS
549658	M	TABOADELA
549463	M	TOEN
549659	M	TRASMIRAS
549436	M	VALLE INCLAN
549466	M	VEREA
549467	M	VERÍN
549469	M	VILAMARÍN
549470	M	VILAMARTÍN VALDEORRAS
549471	M	VILAR DE BARRIO
549472	M	VILAR DE SANTOS
549473	M	VILARDEVOS
549534	M	XINZO DE LIMIA
549414	M	XUNQUEIRA DE AMBIA
549660	M	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
549382	M	AMOEIRO
548433	T	NOVOA SANTOS
548467	T	CENTRO SAUDE VERIN

X.A.P. PONTEVEDRA
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449803	M	A ESTRADA-FORCAREI-CERCEDO-CUNTIS-MORAÑA
449805	M	LALIN-DOZON-AGOLADA-RODEIRO-SILLEDA-VILA DE CRUCES
449804	M	LEREZ-CAMPOLAMEIRO-PONTESAMPAIO-MONTEPORREIRO-PONTE CALDELAS-VILAVOA-A LAMA-COTABADE-CALDAS-BARRO
449802	M	VILAGARCIA DE AROUSA-VALGA-CATOIRA-PONTECESURES

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549294	M	A ESTRADA-CODESEDA
549780	M	A ESTRADA-OCA
549781	M	A ESTRADA-SOUTO DE VEA
549782	M	AGOLADA
549109	M	A ILLA
549306	M	A LAMA
549274	M	BARRO
549279	M	CAMPO LAMEIRO
548308	T	CASA DO MAR MARIN- SEIXO
549284	M	CATOIRA
549292	M	CUNTIS
549789	M	DOZON
549298	M	FORCAREI
549298	M	FORCAREI
549305	M	LALIN
548305	T	LALIN
549307	M	MARIN
549314	M	MEIS
549303	M	O GROVE
549336	M	PONTECESURES
549330	M	PORTAS
549340	M	RIBADUMIA
549776	M	RODEIRO
549347	M	SANXENXO-BALTAR
549797	M	SOUTELO DE MONTES
549357	M	VALGA
549372	M	VILA DE CRUCES

X.A.P. SANTIAGO DE COMPOSTELA
FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449613	M	NOIA-MUROS
449198	M	ORDES

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549496	M	A BANA
549589	M	AMES-MILLADOIRO
548589	T	AMES-MILLADOIRO
549606	M	BOIMORTO
549101	M	BOIRO
548101	T	BOIRO
549103	M	BOQUEIXON
549107	M	BRION
549591	M	CARNOTA
549231	M	CONCEPCION ARENAL
549234	M	CONXO
549181	M	ESTEIRO
549233	M	AS FONTIÑAS
549267	M	MELIDE
549609	M	MESIA
549182	M	MUROS
549188	M	NOIA
548188	T	NOIA
549593	M	O PINO
549203	M	OUTES
549210	M	PADRON
549212	M	A POBRA DO CARAMIÑAL
548212	T	A POBRA DO CARAMIÑAL
549219	M	PORTO DO SON
548220	T	RIANXO
548225	T	RIBEIRA
549226	M	ROIS
549616	M	SANTISO
549594	M	TEO
549617	M	TOQUES
549245	M	TORDOIA
549595	M	TOURO
549619	M	TRAZO
549250	M	VAL DO DUBRA
549232	M	VITE

X.A.P. VIGO

FARMACEUTICO/A DE ATENCION PRIMARIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
449364	M	BEIRAMAR
449512	M	COIA
449585	M	ROSALIA

MEDICO DE FAMILIA

CODIGO PRAZA	QUENDA	CENTRO
549283	M	A CAÑIZA
549304	M	A GUARDA
549290	M	ALDAN-O HIO
549364	M	BEIRAMAR
549270	M	BOLIVIA
549281	M	CANGAS
549358	M	CASCO VELLO
549360	M	COLMEIRO
548360	T	COLMEIRO
549365	M	CORUXO
549290	M	CRECENTE-FILGUEIRA
549302	M	GONDOMAR
547366	D	LAVADORES
549316	M	MOAÑA
549317	M	MONDARIZ
549685	M	O ROSAL-TABAGON
549322	M	PANXÓN
549334	M	PONTEAREAS
548334	T	PONTEAREAS
548339	T	REDONDELA
549345	M	SALVATERRA-LEIRADO
549689	M	SARDOMA-BEMBRIVE
549369	M	TEIS
548323	T	VAL MIÑOR
547323	D	VAL MIÑOR

ANEXO V

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR CORRECTAMENTE A INSTANCIA

* ¿Onde obter o formulario de solicitude de inscrición?

Para obter/cubrir o formulario de solicitude de participación no concurso de traslados, poderá facelo por algunha das seguintes vías:

1. Cubrir o formulario electrónico publicado na páxina web do Servizo Galego de Saúde (a máis recomendable para o procesado da información)

a) Acceda á páxina web do Servizo Galego de Saúde de www.sergas.es.

b) Na páxina inicial, na epígrafe «Recursos Humanos», pulse a epígrafe «Concurso de traslados».

c) Na epígrafe «Impresos para a participación no proceso», na liña «Solicitude de participación», faga «click» en «Cubrir o formulario de participación electrónico».

d) Neste punto aparecerá unha pantalla na cal vostede terá que rexistrarse cos seus datos persoais para poder acceder ao asistente de xeración da solicitude.

e) Nas seguintes pantallas, o asistente serviralle de guía nos pasos necesarios para completar a solicitude.

f) Utilice a opción «Imprimir» que aparece ao final do asistente (cuarto paso). Esta opción xera dúas copias do formulario, unha para entregar no rexistro e outra para o interesado.

2. Descargar o modelo de solicitude da páxina web do Servizo Galego de Saúde.

a) Acceda á páxina web do Servizo Galego de Saúde de www.sergas.es.

b) Na páxina inicial, na epígrafe «Recursos Humanos», pulse a epígrafe «Concurso de traslados».

c) Na epígrafe «Impresos para a participación no proceso», na liña «Solicitude de participación», faga

«click» en «Descargar o modelo de solicitude» e abrirase o formulario na pantalla (en formato acrobat), imprímalo, cúbralo e presénteo no rexistro. Nota: para quedar cunha copia, faga fotocopia del unha vez cuberto.

3. Obter copia orixinal do modelo.

a) Será válida tamén a presentación do formulario do modelo impreso orixinal (non fotocopiado) a que se refire o punto anterior, dispoñible nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na maioría dos seus centros de xestión de atención primaria e especializada, xunto coas instrucións para cubri-lo.

EN CUALQUERA CASO, RECORDE QUE:

Unha vez impreso o formulario de solicitude de participación debe ser presentado no rexistro xunto coa documentación solicitada nas bases da convocatoria do concurso de traslados.

ANEXO VI

MODELO DE CERTIFICADO DE SERVICIOS PRESTADOS

Don/a, xefe de servizo de persoal do do cal é director de Xestión ou Recursos Humanos

CERTIFICO:

Que Don/Dona, titular do DNI, segundo os datos que constan neste centro estivo vinculado/a a esta institución sanitaria en virtude dos nomeamentos que a continuación se especifican:

CATEGORÍA	VÍNCULO	RX	TP	DESDE	ATA	T. HORAS	T. DÍAS
-----------	---------	----	----	-------	-----	----------	---------

Total días por categoría / vínculo / RX / TP /..... 000

***NO CASO DE QUE SE TRATE DE PERSOAL INTEGRADO NO RÉXIME XURÍDICO ESTATUTARIO SINLAR A DATA DE INTEGRACIÓN.

E, para que conste, por petición do interesado, coa finalidade de presentar no concurso de traslados convocado por, na categoría de _____, código _____, expido esta certificación, en o de de dous mil _____.

Visto e prace
O DIRECTOR DE XESTIÓN OÙ RECURSOS HUMANOS

Asdo.

LEENDA:

RX: réxime xurídico – (L)laboral, (F)funcionario, (E)estatutario
TP: % tempo parcial / T.días: total días traballados